

Roteiro de Cabo Udra



Comézase a rota en Chan de Esqueiros, que é unha zona onde podes merendar, hai unhas mesas e uns bancos de pedra, pódense ver rochas grandes e redondas de granito, e algunhas teñen formas raras.

Baixamos á praia de Acoradoiro onde hai unhas ruínas dunha fábrica de salgada. Podemos ver que algunhas rochas teñen grandes buratos, gretas... O nome desa praia ven de onde amarraban os barcos cando había mal tempo.

Despois volvemos a Chan de Esqueiros e baixamos a praia de Mourisca. Nesa praia hai un chiringo, o Chiringo de Paco, que agora o van a reformar para facer unha Casa Rural.

Seguimos camiñando e nos atopamos uns pivotes de madeira que teñen unha persoa cun pau camiñando. Eses pivotes nos sinalan o camiño seguindo a dirección que indica o camiñante.

Seguindo o que nos indican os pivotes chegamos a Punta Cagadoiro, que para os mariñeiros significa paso entre rochas. Dende aquí vemos dende o fondo da Ría de Pontevedra ata a Illa de Ons. Preto hai unha praia, a Praia do Pedrón.

Non podemos seguir a rota por detrás da praia por culpa dun señor que ten o muro da súa casa no medio do camiño. Temos que volver atrás e seguir polo outro camiño. Pasamos polas antigas instalacións militares que están a converter en Aula de Natureza. Perto dalí entramos nunhas casetas onde tiñan os canons, para entrar hai moitas silvas. Son unhas antigas baterías de costa que se utilizaban para vixiar a chegada de barcos inimigos.

Un pouco mais adiante podemos ver unha visión panorámica das rias de Pontevedra e Aldán. Fronte a nós podemos ver a Punta de Couso e máis ao fondo as Illas Cíes.

Seguimos camiñando e parámonos a merendar fronte da enseada de Barceló, alí podemos ver distintas rochas, plantas, etc. Tamén se ve o punto mais alto de cabo Udra.

Seguimos polo camiño e vemos máis pedras con distintas formas entre elas podemos distinguir: un militar, un ourizo, un pé, unha man e unha rá.

Despois chegamos a unhas casas antigas, chamadas Chouzos de Pastor. De aí baixamos un pouco máis e chegamos de novo a Chan de Esqueiros.

**Rota realizada polo alumnado da aula de 6º de Primaria do CEIP A Rúa de Cangas -
Curso 2007-2008.**